



## TRÁMITE DE CONSULTAS PARA A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA ORDINARIA

**Nome do plan:** Plan xeral de ordenación municipal do concello de Narón

**Promotor:** Concello de Narón

**Órgano substantivo:** Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

**Expediente:** 2017AAE2040

**Código web:** 1974/2017

O día 30.06.2017 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental un escrito do Concello de Narón no que solicita iniciar a avaliación ambiental estratéxica ordinaria do *Plan xeral de ordenación municipal do concello de Narón*, acompañado do documento inicial estratéxico e do borrador do plan, segundo esixe o artigo 60.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Unha vez avaliada a documentación presentada e considerando que:

- 1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- 2 O artigo 46.1.b) da dita Lei 2/2016 sinala que deben someterse ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica os plans xerais de ordenación municipal.
- 3 O artigo 60.4 da Lei 2/2016 establece que o órgano ambiental, con carácter previo á elaboración do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, someterá o borrador do plan e o documento inicial estratéxico ás consultas do órgano competente en materia de urbanismo, das demais administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de dous meses.
- 4 Esta Dirección Xeral decidiu estender as consultas ao público en xeral co obxecto de favorecer a transparencia da tramitación e a participación cidadá, ao abeiro do artigo 83.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O apartado 4 do mesmo artigo 83 faculta ás administracións para establecer outras formas, medios e canles de participación dos cidadáns no procedemento no que se ditan os actos administrativos.
- 5 A Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental é o órgano ambiental competente para tramitar os procedementos administrativos en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, segundo o Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da actual Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

ACÓRDASE:

**Someter a consulta pública** na sede electrónica deste órgano ambiental por un **prazo de dous meses** o documento inicial estratéxico e o borrador do “**Plan xeral de ordenación municipal do concello de Narón**”, con carácter previo á elaboración do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico.

As observacións e suxestións poderán ser formuladas por calquera das seguintes canles:

- A través do formulario informático habilitado na sede electrónica deste órgano ambiental (<http://www.cmaot.xunta.gal/programas-con-periodo-de-consulta-aberto>).
- A través do correo electrónico: [avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.gal](mailto:avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.gal).



- Mediante fax remitido ao número 981 541 048.
- Mediante escrito presentado no registro administrativo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, situado en San Lázaro s/n, en Santiago de Compostela.

En calquera dos medios empregados deberá identificarse quen formula as observacións e suxestións (nome da unidade administrativa, ou nome do colectivo, ou nome e apelidos da persoa), facilitando tamén os datos de contacto.

O documento de alcance do estudo ambiental estratéxico que se elabore tras o período de consultas farase público na sede electrónica (<http://cmaot.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>) da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2017